



# BASES EUROScola 2016

A Oficina de Información do Parlamento Europeo en España, en colaboración coa Representación en España da Comisión Europea e a Secretaría de Estado para a Unión Europea, convoca a **XXII edición do Concurso Euroscola dedicado aos 30 anos de España na Unión Europea (1986-2016)**

O obxectivo desta convocatoria é reflexionar coa xente nova sobre **o proceso de transformación de España a partir da súa integración na Unión Europea en 1986; promover o pensamento crítico, valorar o que acadamos e analizar os desafíos e retos que xorden para o futuro.**

O Concurso desenvolverase a través dunha plataforma interactiva educativa en Internet: [www.euro-scola.com](http://www.euro-scola.com)

O Concurso ten como obxectivos:

- Fomentar o uso de Internet e das novas tecnoloxías como ferramentas educativas.
- Achegar a UE aos mozos, mellorando os seus coñecementos e implicación na construción de Europa.
- Fomentar a aprendizaxe de linguas europeas, fundamental para conseguir unha Europa unida. Por iso, o Concurso desenvólvese tamén en inglés.

O feito de dominar outras linguas europeas por parte dos alumnos participantes é importante e necesario, dado que os equipos gañadores que asistan ao Programa Euroscola en Estrasburgo deberán comunicarse cos participantes doutras nacionalidades europeas en inglés ou francés.

## INSCRIPCIONES

A inscripción no Concurso formalizarase directamente a través da páxina web [www.euro-scola.com](http://www.euro-scola.com).

Poden participar todos os centros escolares de Ensino Secundario Obrigatorio (ESO), Bacharelato ou Ciclos de Formación Profesional de Grao Medio establecidos no territorio nacional.

Para participar é necesario inscribirse por equipos, formados por **10 alumnos, de entre 15 e 18 anos, e un profesor responsable** que será o líder e representante do equipo perante a organización de Euroscola, aínda que internamente no centro escolar pode ser un traballo colaborador coordinado por máis dun profesor.

Un mesmo profesor pode inscribir tantos equipos como equipos de alumnos poida formar, sendo el mesmo o titor/responsable de cada un deles, pero só un equipo por centro escolar poderá optar ao premio final.

Aínda que calquera profesor motivado pode ser líder dos equipos, recoméndase **traballar o concurso de xeito transversal**. É conveniente contar coa colaboración dos profesores de Tecnoloxía do centro escolar para a selección da plataforma blog que o equipo utilizará, así como dos profesores de Ética, Relixión, Historia das relixións, Lingua, Plástica ou Arte, Linguas Estranxeiras ou calquera outro profesor do centro escolar cuxa colaboración ou orientación resulte en beneficio dun mellor resultado final do traballo.

A **inscripción** poderase realizar na páxina web do Concurso a partir do **27 de outubro de 2015**.

Os profesores han de ter en conta que, caso de resultaren gañadores da convocatoria, os alumnos deberán ter 16 anos cumpridos e non

máis de 18 anos no momento de participar na xornada Euroscola no Parlamento Europeo de Estrasburgo (que se desenvolverá durante o curso escolar 2016-2017). A organización ofrecerá diferentes datas posibles para a selección por parte dos profesores.

A todos os efectos o correo electrónico subministrado polo profesor líder ao rexistrar o equipo será o utilizado sempre polos organizadores para todas as comunicacións durante o concurso.

## COMPETICIÓN

A competición consistirá no desenvolvemento dun blog por parte dos equipos participantes no que expoñan os seus traballos/proxectos sobre os 30 anos de España na UE.

O concurso proporcionará a través da súa web diversos materiais informativos de consulta en liña que sirvan de orientación aos equipos para o desenvolvemento dos seus proxectos. Cada equipo pode afondar nestes materiais e/ou pescudar noutras fontes para o desenvolvemento do seu proxecto.

A competición consistirá no desenvolvemento das seguintes tarefas:

- Crear un blog no que se expoña o proxecto desenvolvido por cada equipo. Pode utilizarse calquera plataforma de uso libre (sen custo) que non inclúa publicidade de xeito aleatorio; a cal debe ser seleccionada polos equipos baixo a orientación do profesor que lidere o equipo e/ou coa colaboración do profesor de tecnoloxía do centro escolar.

Admitiranse blogs con contidos **en calquera lingua do Estado español ou da Unión Europea, sempre e cando foren bilingües ou os contidos estiveren transcritos ao castelán**, posibilitando así a valoración do xurado.

- Incluir un **plan de promoción e difusión da iniciativa**: de acordo coa actividade que se seleccione, cada equipo deberá idear como facer para chegar ao máximo público posible.

- Pórese en **contacto cos centros Europe Direct da zona** para comunicar a iniciativa/as actividades que se pretenden realizar, tendo sempre en conta as posibilidades reais de apoio e difusión das que dispoña cada un deses centros de información europea.

Na web de Euroscola, os equipos disporán dunha lista actualizada cos datos de contacto de todos os puntos de información Europe Direct existentes en España.

- Realizar as actividades/iniciativas propostas no tocante ao seu proxecto sobre os 30 anos de España na Unión Europea, compartilo e implicar no posible a súa comunidade educativa e o seu contorno local, así como **probar que se realizaron as actividades/iniciativas, a través de fotos, vídeos, ligazóns, etc.**

Os blogs deberán conter os seguintes apartados:

- **Presentación:** Breve presentación do equipo e centro escolar.
- **Proxecto europeo:** Investigar e expor algún proxecto realizado coa axuda de fondos europeos (FEDER, FEOGA, Fondo Social Europeo, Life, etc.) quer no seu contorno local, Comunidade ou Cidade Autónoma, quer a nivel nacional.
- **Entrevistas:**  
Realizar entrevistas no seu contorno: profesores/as, traballadores/as do centro escolar, membros da ANPA, familiares, veciñanza, amizades, etc., a persoas que:
  - en 1986 tivesen entre 15 e 18 anos, é dicir, que actualmente teñan entre 45 e 48 anos aproximadamente.
  - persoas que superen os 50-55 anos e que poidan informar sobre estes 30 anos con máis perspectiva.

As entrevistas servirán para esculcar como era a súa vida e como mudou todo nestes 30 anos. Por exemplo: como era a comunicación cotiá cos seus compañeiros, se lembran quen eran os seus ídolos ou as persoas que admiraban, os seus estudos e as súas viaxes dentro/fóra de España, coñecemento de idiomas, se tiñan veciños/as e coñecidos/as doutros países, se contaban con información habitual de novas do resto de Europa, se cren que a integración de España na UE cambiou moito a forma de vida española...

O obxectivo das entrevistas é comparar a vida daquela coa de agora. Os equipos deberán pescudar e presentar as súas conclusións e explicar se a integración de España na UE tivo algunha influencia nesos cambios.

- **Actividades comúns:** Actividades realizadas no seu centro escolar e/ou localidade, tales como murais, fotografías, debates, conferencias, flashmob, lipdub, que involucren o maior número posible de membros do seu centro escolar.
- **Difusión:** Resultados dos contactos, notas enviadas e publicadas nos medios de comunicación do seu contorno (web ou blog do centro escolar, revista escolar, prensa local impresa ou en Internet, blogs, radio, televisión, etc.) para difundir o seu proxecto.
- **A nosa reflexión:** 10 ideas que recollan o que máis chamou a atención ao equipo do aprendido ao realizar o seu proxecto dos 30 anos de España na UE.

Os equipos poderán iniciar o seu traballo desde a súa inscrición no concurso e deberán expor o seu proxecto a través do blog creado polo equipo.

A organización do calendario de traballo dos equipos é libre baixo a guía do seu profesor líder, aínda que deberán ter moi en conta que o **prazo de peche do blog remata o 6 de abril.**

Os equipos comunicarán a través da web de Euroscola o enderezo en Internet do seu blog, para o cal recibirán instrucións precisas que deberán seguir. Calquera outra forma de comunicación allea á prevista na web do Concurso non se considerará válida.

Os equipos dispoñerán na web do concurso dun correo electrónico ao que poden dirixir calquera pregunta ou dúbida de interpretación sobre estas bases, así como advertir aos organizadores se lles xorde algún problema no uso da plataforma do concurso, sempre antes de que se chegue ao termo das datas nas cales sexa imposible encontrar unha solución sen que iso afecte á igualdade de condicións de participación para todos os equipos.

Ademais de inscribírense no concurso e desenvolveren o seu blog, recoméndase aos equipos seguir as canles de Euroscola nas redes sociais e compartir os seus debates e proxectos en canles propias. Para o seguimento dos equipos nas redes sociais de Euroscola, abundará con que participen nunha das existentes, dado que a mesma información se publicará en Facebook e Twitter.

É preciso cumprir os seguintes requisitos:

- O proxecto debe ser posto en marcha no período deste Concurso.
- O equipo de Euroscola debe estar involucrado directamente no proxecto.
- Os contidos do blog deben ser orixinais e desenvolvidos no marco deste Concurso. Os equipos participantes han de respectar todas as **normas legais relacionadas co uso dos recursos por parte de menores de idade**, así como o respecto dos dereitos de intimidade e dereitos de autor. Os profesores que lideren os equipos son responsables de transmitir aos mozos participantes as normas de navegación segura, que deben respectarse en todo momento, así como obter o permiso dos titores ou representantes legais dos menores no caso de que se publiquen imaxes, fotos ou vídeos

realizados con motivo da súa participación no concurso Euroscola 2016.

- **O concurso EUROSCOLA é un proxecto pedagóxico de "Educación en valores"**. Os traballos ou propostas deben utilizar unha linguaxe correcta, reflectir valores de tolerancia e respecto e ser resultado da reflexión dos alumnos e das súas propostas orixinais e documentadas, amosando ademais a súa implicación. Polo tanto, os traballos plaxiados/copiados ou con calidade nula ou tan baixa que non reflectan un labor crítico do propio equipo ou fosen realizados por outros (aínda sendo dentro do mesmo centro escolar) sen a implicación activa dos membros do equipo serán descualificados, e tamén aqueles proxectos que publiquen mensaxes, imaxes ou outros materiais que poidan resultar ofensivos ou irrespectuosos.

En todo caso, os profesores líderes son responsables de explicar aos equipos participantes a importancia do uso dunha linguaxe correcta e a necesidade de que as actividades presentadas reflectan valores educativos de tolerancia e respecto. Recoméndase destacar entre o alumnado o alcance da norma de seguridade en Internet; ***pensar sempre antes de publicar fotos, vídeos ou opinións en Internet*** e non publicar mensaxes, imaxes ou outros materiais que poidan resultar ofensivos ou irrespectuosos.

É fundamental que os equipos participantes **citen sempre as fontes** cando publiquen propostas baseadas en estudos, reportaxes, fotos ou vídeos que integren nas súas propostas.

A Oficina de Información do Parlamento Europeo en España non se fai responsable das ideas ou opinións que expoñan os equipos nos seus blogs ou os distintos medios de difusión e promoción que empreguen.



## PUNTUACIONES

Os gañadores e clasificados serán seleccionados por un xurado que valorará os proxectos presentados nos blogs dos equipos, segundo os seguintes criterios de valoración:

O Xurado valorará as iniciativas reflectidas no blog considerando:

- O coñecemento que os equipos demostren e achegas/reflexións propias no tocante ao tema do Concurso.
- Orixinalidade da iniciativa.
- Calidade do blog e dos materiais nel recollidos.
- Inclusión de valores da Unión Europea.
- Execución e repercusión da iniciativa.

Unha vez valorados polo xurado os proxectos reflectidos nos blogs, e ao redor da celebración do Día de Europa, 9 de maio, publicarase na web do Concurso a lista dos **centros escolares cuxos equipos resulten gañadores, así como os cinco equipos mellor clasificados** por Comunidades e Cidades Autónomas. No caso de que nalgunha Comunidade ou Cidade Autónoma as iniciativa(s)/actividade(s) dos equipos e os seus resultados da proba obxectiva non reúnan uns criterios mínimos de calidade, o xurado poderá decidir declaralo deserto nesa Comunidade ou Cidade Autónoma.

**O fallo do Concurso será inapelable.**

## PREMIOS

Os gañadores obterán como premio a **participación no Programa Euroscola do Parlamento Europeo na súa sede de Estrasburgo** e unha **axuda económica** para sufragar parte



dos gastos da viaxe. Esta axuda establecerase segundo a distancia entre a cidade onde estea localizado o centro e a cidade de Estrasburgo.

### **Haberá 15 premios Euroscola:**

- **10 para a categoría xeral.** Cada un dos gañadores deberá ser dunha Comunidade Autónoma diferente.
- **5 para a versión en inglés do concurso.**

**Cada equipo gañador, á parte dos seus integrantes, poderá invitar 14 alumnos e 1 profesor máis do seu centro para participar no programa.** O centro escolar é o responsable de coordinar a participación do grupo.

**Aínda que só 15 equipos serán os gañadores de Euroscola, publicarase a clasificación, por Comunidades ou Cidades Autónomas, dos 5 mellores equipos en ambas categorías e todos eles recibirán un diploma acreditativo (un diploma por equipo) expedido polo Parlamento Europeo.**

Cada equipo gañador, á parte dos seus integrantes, poderá invitar 14 alumnos e 1 profesor máis do seu centro para participar no programa. O centro escolar é o responsable de coordinar a participación do grupo.

A Oficina do Parlamento Europeo en España invita diferentes entidades nacionais e autonómicas vinculadas aos temas do concurso a colaborar na difusión e proporcionar premios adicionais. Estes premios remítense aos equipos a través da Comunidade Autónoma correspondente. Da mesma forma, os alumnos e profesores integrantes dos cinco mellores equipos de cada Comunidade Autónoma recibirán un diploma acreditativo (un diploma por equipo) emitido polo Parlamento Europeo.

Co fin de que en cada edición de Euroscola teñan a oportunidade de coñecer o Parlamento Europeo novos centros escolares, só poderán

optar ao premio final aqueles centros que non gañasen nas edicións de 2012, 2013, 2014 e 2015. Non obstante, estes centros poden optar aos premios que conceda cada Comunidade Autónoma ou outros organismos colaboradores.

A Oficina de Información do Parlamento Europeo en España encárgase de comunicar aos responsables do Parlamento Europeo en Estrasburgo todos os detalles de contacto dos equipos gañadores. Os responsables da Oficina do Parlamento Europeo en Estrasburgo comunicaranse cos equipos para a organización da súa participación no Programa Euroscola, concretando todos os detalles pertinentes.

A participación no programa Euroscola é unha experiencia inesquecible e única para que os alumnos dos centros escolares poidan vivir de preto o proxecto de integración europea. Os estudantes gañadores de España poderán compartir, cos mozos seleccionados dos outros Estados membros da UE, esta experiencia que os converterá por un día en eurodeputados na sede do Parlamento Europeo en Estrasburgo.

Os estudantes coñecerán de primeira man o traballo do Europarlamento a través de debates de temas de actualidade para os mozos, negociacións co resto de participantes e votación ou adopción de acordos sobre temas de actualidade europea. No programa Euroscola, dáse aos estudantes a oportunidade de interactuar e intercambiar información nun idioma diferente ao seu. Os mozos estudantes teñen tamén a posibilidade de presentar o seu centro escolar e a rexión de onde veñen, como un intercambio de coñecementos que reflicte a diversidade dos pobos de Europa e enriquece o diálogo cultural.

Tomarán a palabra na sesión plenaria e nas reunións das comisións parlamentarias para debater e votar resolucións sobre temas de actualidade e practicarán idiomas e compartirán as súas ideas con mozos doutros países da Unión Europea. Os profesores tamén terán a oportunidade de coñecer os seus colegas doutros países europeos e intercambiar prácticas de aula e informacións educativas.

Pode consultarse con máis detalle en que consiste o Programa Euroscola na web de Euroscola do Parlamento Europeo: <http://www.europarl.europa.eu/euroscola>

A **viaxe** e a **participación** no Programa Euroscola en **Estrasburgo** realizaranse quer **no ano escolar 2016/2017**, quer **no segundo semestre de 2017** no caso de que o número elevado de participantes requira a súa extensión. Unha vez exista unha previsión de calendario das sesións Euroscola, a Oficina de Información do Parlamento Europeo en España enviará asemade aos profesores líderes de todos os equipos gañadores un correo electrónico comunicándolles as citadas datas. Para a selección de datas de participación respectarase a orde de recepción da chegada das peticións.

O Parlamento Europeo resérvase o dereito de anular ou modificar a participación no programa Euroscola en caso de forza maior.

A organización de Euroscola está exenta de calquera responsabilidade sobre os premios e condicións de selección que establezan as institucións ou entidades colaboradoras.

Os equipos dispoñerán na web do concurso dun correo electrónico ao que poden dirixir calquera pregunta ou dúbida de interpretación sobre estas bases, así como advertir aos organizadores se lles xorde algún problema no uso da plataforma do concurso, sempre antes de que se chegue ao termo das datas nas cales sexa imposible encontrar unha solución sen que iso afecte á igualdade de condicións de participación para todos os equipos.

**A lista de gañadores e clasificados, unha vez publicados os resultados, será definitiva.**

A inscrición no concurso Euroscola 2016 supón a aceptación íntegra do contido destas bases.



Parlamento Europeo  
Oficina de Información  
en España



## IPAD PARA OS PROFESORES

Sortearase un iPad, valorado en 400 €, entre os profesores líderes dos equipos que presenten o seu blog cumprindo cos requisitos sinalados.

O resultado do sorteo será comunicado directamente pola organización ao gañador e será anunciado publicamente a través das redes sociais de Euroscola.